



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA

Agra de Baño 21, MUROS – 15259

Tlf.: 881 867 110

ies.fontexeria@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA

DEPARTAMENTO: LATÍN

CURSO: 1º BACH

MATERIA: GREGO I

PROFESOR/A: JOSÉ-ALFONSO BLANCO QUINTELA

1. Estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e competencias imprescindibles da 1ª e 2ª avaliación.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

1ª AVALIACIÓN

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1	GR1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico en que ten lugar o nacemento da lingua grega e a súa expansión
B1.2	GR1B1.2.1. Explica a orixe da lingua grega e a relación coas outras linguas da familia indoeuropea.
B1.5	GR1B1.5.1. Coñece as etapas da evolución da lingua grega, desde o micénico ata o grego moderno
B1.8	GR1B1.8.1. Sinala nun mapa as diversas variedades dialectais da lingua grega.
B7.1	GR1B7.1.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir de palabras da súa propia lingua ou do contexto.
B7.3.	GR1B7.3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado remitíndose ós étimos gregos orixinais.
B2.2.	GR1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto grego e describe a evolución dos seus signos a partir da adaptación dos signos do alfabeto fenicio.
B2.3.	GR1B2.3.1. Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego, na súa forma minúscula e maiúscula, e escríbeos e leos correctamente.
B2.5	GR1B2.5.1. Coñece as normas de transcripción e aplícaa con corrección na transcripción de termos gregos ó galego e ó castelán.
B2.6.	GR1B2.6.1. Coñece o valor e colocación dos acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación.

B5.5	GR1B5.5.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, e sinalar os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.
B5.6	GR1B5.6.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.
B5.7	GR1B5.7.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, póndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.
B4.2	GR1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega, explica as súas funcións na oración e ilustra con exemplos a forma de traducilos.
B5.1	GR1B5.1.1. Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización grega, sinalando distintos períodos dentro del e identificando en cada un as conexións máis importantes con outras civilizacións.
	GR1B5.1.3. Distingue as etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras
	GR1B5.1.4. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, póndoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.
B3.4	GR1B3.4.1. Enuncia correctamente diversos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación
B3.5	GR1B3.5.2. Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes e sintagmas de concordancia, e tradúceos correctamente ó galego e/ou ó castelán.
B3.6.	GR1B3.6.3. Explica o uso dos temas verbais gregos e identifica correctamente as formas derivadas de cada un deles.
	GR1B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ó galego e/ou ó castelán diferentes formas verbais gregas, e compara o seu uso en ambas as linguas.

B4.1	GR1B4.1.1. Analiza morfosintacticamente frases e textos sinxelos identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.
B4.3	GR1B4.3.1. Coñece e aplica a concordancia entre nomes e determinantes nominais, así como entre verbos e suxeitos.
B4.4	GR1B4.4.1. Analiza correctamente casos e funcións para poder recoñecer cada elemento da oración.
B4.11	GR1B4.11.1. Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua grega para realizar a análise e a tradución de textos sinxelos.
B4.12	GR1B4.12.1 Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e/ou en castelán.
B6.1	GR1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.
B6.4	GR1B6.4.1. Traduce do grego ó galego e/ou ó castelán frases e textos sinxelos
Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 2ª AVALIACIÓN	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B7.1	GR1B7.1.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir de palabras da súa propia lingua ou do contexto.
B7.3.	GR1B7.3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado remitíndose ós étimos gregos orixinais.
B2.3.	GR1B2.3.1. Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego, na súa forma minúscula e maiúscula, e escríbeos e leos correctamente.

B2.5	GR1B2.5.1. Coñece as normas de transcripción e aplícaas con corrección na transcripción de termos gregos ó galego e ó castelán.
B2.6.	GR1B2.6.1. Coñece o valor e colocación dos acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación.
B4.2	GR1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega, explica as súas funcións na oración e ilustra con exemplos a forma de traducilos.
B5.1	GR1B5.1.1. Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización grega, sinalando distintos períodos dentro del e identificando en cada un as conexións máis importantes con outras civilizacións.
	GR1B5.1.3. Distingue as etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras
	GR1B5.1.4. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, pónndoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.
B3.4	GR1B3.4.1. Enuncia correctamente diversos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación
B3.5	GR1B3.5.2. Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes e sintagmas de concordancia, e tradúceos correctamente ó galego e/ou ó castelán.
B3.6.	GR1B3.6.3. Explica o uso dos temas verbais gregos e identifica correctamente as formas derivadas de cada un deles.
	GR1B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ó galego e/ou ó castelán diferentes formas verbais gregas, e compara o seu uso en ambas as linguas.
B4.1	GR1B4.1.1. Analiza morfosintacticamente frases e textos sinxelos identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.
B4.3	GR1B4.3.1. Coñece e aplica a concordancia entre nomes e determinantes nominais, así

	como entre verbos e suxeitos.
B4.4	GR1B4.4.1. Analiza correctamente casos e funcións para poder recoñecer cada elemento da oración.
B4.11	GR1B4.11.1. Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua grega para realizar a análise e a tradución de textos sinxelos.
B4.12	GR1B4.12.1 Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e/ou en castelán.
B6.1	GR1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.
B6.4	GR1B6.4.1. Traduce do grego ó galego e/ou ó castelán frases e textos sinxelos
B6.2	GR1B6.2.1.Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.
B5.2	GR1B5.2.1. Describe os principais sistemas políticos da antiga Grecia e compáraos entre eles, establecendo semellanzas e diferenzas, e cos actuais.
	GR1B5.2.2. Describe a organización da sociedade grega, explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relaciona estes aspectos cos valores cívicos da época e compáraos cos actuais.
CONTIDOS DE AMPLIACIÓN PERÍODO ESPECIAL (DESDE O 13 DE MARZO)	
Contidos de avaliación de diagnóstico só para, de ser o caso, ter en conta en positivo.	GR1B3.6.4. Conxuga os tempos verbais en voz activa e medio pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.
	GR1B5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, analizando a través deles estereotipos culturais da época e comparándoos cos actuais.

	GR1B5.4.1. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental.
	GR1B5.4.2. Describe as principais formas de lecer da sociedade grega e analiza a súa finalidade, os grupos ós que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.
	GR1B4.6.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferéncias con precisión das oracións simples e explica en cada caso as súas características.
	GR1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para as clasificar.
	GR1B4.7.1. Identifica as funcións das formas de infinitivo dentro da oración, comparando exemplos do seu uso.
	GR1B4.8.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece.
	GR1B4.9.1. Identifica as funcións das formas de participio dentro da oración, comparando exemplos do seu uso.
	GR1B4.10.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as constr. de participio concertado e non concertado, relacionándoas con constr. análogas noutras linguas que coñece.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

-Mecanismo para a recuperación de avaliacións suspensas

Non procede: non hai ningún alumno que suspendera a materia en ningunha das dúas avaliacións anteriores.

-Actividades de repaso,reforzo ou ampliación.

- Explicacións mediante vídeos pendurados na Aula Virtual e/ou noutras plataformas dixitais.
- Actividades penduradas na Aula Virtual e suxeitas a entrega en prazo determinado.

-Metodoloxía

- Emprego de instrucións e material na Aula virtual do centro.
- Realización de tarefas e corrección por correo electrónico de xeito individualizado..
- Lectura, uso e estudo do material pendurado, xa desde principio de curso, na Aula Virtual.
- Proba(s) escrita(s) controlada(s) por videoconferencia, se os medios técnicos así o permiten. Para garantir a limpeza deste procedemento, farase chegar un documento diferente a cada alumno, garantindo que o nivel de dificultade sexa o mesmo para todo o alumnado. Para a realización da(s) proba(s), poderán ter á vista o caderno de traballo que se menciona no seguinte apartado.

- Materiais e recursos

- Caderno de traballo elaborado polo Departamento de Latín e pendurado desde principio de curso na Aula Virtual.
- Outros materiais, de tipo variado, pendurados desde principio de curso na Aula Virtual.
- Videoconferencia (de xeito moi ocasional, debido á falta de capacidade da conexión a internet).

3. Avaliación e cualificación

-Instrumentos (na 1ª e 2ª avaliación)

- Probas escritas do período presencial, exercicios e valoración da actitude (puntualidade na entrega, disposición para o traballo e pertinencia nas intervencións). As probas escritas previstas eran: unha no 1º trimestre e dúas en cada un dos dous trimestres posteriores, malia a que a segunda proba do 2º trimestre non se puido realizar. Xa que logo, a cualificación dese trimestre calculouse da seguinte maneira: o 60% previsto como ponderación para media aritmética das cualificacións individuais das dúas probas escritas previstas aplicouse á cualificación da única proba escrita realizada. O resto dos instrumentos para establecer as cualificacións, xunto coas súas respectivas ponderacións, mantívose tal e como estaba previsto na Programación.

-Instrumentos (NO PERÍODO ESPECIAL)

O alumnado co traballo neste período pode optar a subir nota se entrega as actividades propostas durante o período especial, se cumpre cos criterios especificados no apartado seguinte. Para este período, calcularase unha media aritmética das actividades realizadas de acordo cos mesmos criterios previstos inicialmente na Programación, e que lembramos a seguir:

- Proba(s) escrita(s): 60% da cualificación final.
- Exercicios realizados por vía telemática: 25% da cualificación final.
- Puntualidade e dilixencia na entrega dos exercicios: 15% da cualificación final.

No caso de que a proba escrita resulte imposible de realizar cuns mínimos de rigor e seguridade, a súa porcentaxe (60%) será sumada á dos exercicios realizados por vía telemática, que pasarán a achegar unha porcentaxe do 85% da cualificación final do trimestre.

-Procedemento para o cálculo da cualificación final

- A nota final será o cálculo da media das dúas cualificacións da 1ª e 2ª avaliación segundo os criterios establecidos na Programación. Orixinalmente, cada un dos dous primeiros trimestres achegaba senllos valores do 30%. Na situación actual, a nota final calcularase, en principio, atribuíndo un 50% a cada un dos dous primeiros trimestres.

- Desde o 13 de marzo o traballo telemático poderá ser tido en conta para subir a nota media, sempre e cando o profesor considere que foi realizado orixinalmente polo alumnado co instrumento e procedemento que estableza para tal fin. De cumprirse esta condición, se o resultado de facer a media aritmética entre a nota final previamente calculada e a cualificación das actividades do período especial dá lugar a unha nota superior, quedará esa como nota final. A seguir expoñemos un exemplo:

- NOTA MEDIA DOS DOUS PRIMEIROS TRIMESTRES = 7 / NOTA MEDIA DAS ACTIVIDADES DO PERÍODO ESPECIAL = 9
- SUMA: $9 + 7 = 16$ // MEDIA FINAL: 8.

4. Procedemento para información ao alumnado e familias . Publicidade

- Este documento será pendurado na páxina web do centro
- Enviarase tamén ás familias por ABALAR
- Informarase ao alumnado por correo electrónico e/ou outras vías (whatsapp)..

5. Proba de setembro

Non será necesaria, pola razón exposta no primeiro apartado do segundo epígrafe deste documento.

5. Alumnado de materia pendente

- Non procede este apartado para a materia de Grego de 1º BACH.